

2012

Saídas profesionais comarcais



XUNTA DE GALICIA

2012

Saídas profesionais comarcais

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Instituto Galego das Cualificacións

2012

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

María Luisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

Equipo técnico:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Sergio Cantalejo Díez
César Manuel Dans Galán
Isabel Fernández Gómez
Ricardo Fernández López
María del Mar Martínez Besada
María Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
María Belén Yáñez Barge

Equipo auxiliar:

María Jesús Iglesias Ferreiro
María José Porto Pardiñas
Francisco de Cal Pose
Marta López Fernández

➤ ÍNDICE

Introdución	7
Metodoloxía	9
<i>Antecedentes metodolóxicos</i>	9
<i>Metodoloxía transitoria</i>	10
<i>Elaboración das táboas por comarca</i>	11
<i>Outras consideracións metodolóxicas</i>	11
Análise de resultados	12
Resultados por comarcas	27
• <i>A Coruña</i>	28
• <i>Lugo</i>	46
• <i>Ourense</i>	59
• <i>Pontevedra</i>	71

INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións vén desenvolvendo diversos traballos dentro da denominada área do mercado laboral galego. Neste ámbito, contamos con estudos que, partindo das variables representativas do mercado de traballo, realizan unha análise a distintos niveis territoriais: autonómica, provincial ou comarcal.

A publicación de *Saídas profesionais comarcais* abriu unha liña de traballos fundamentados nunha metodoloxía elaborada a través de indicadores sintéticos que servían ademais de base para a realización da aplicación web “Datos sobre ocupacións”¹.

Dado o interese suscitado, a Consellería de Traballo e Benestar decidiu incluír a antedita aplicación dentro do Plan Galego de Estatística elaborando o proxecto técnico que o sustenta. No entanto, actualmente esta metodoloxía está en proceso de reestruturación por cambios insalvables das codificacións das bases de datos, polo que non podemos presentar, polo de agora, un traballo similar ao realizado nos últimos anos².

En calquera caso, e na espera de novas dispoñibilidades técnicas, decidimos presentar un traballo que transitoriamente substituirá ao anterior, xa que consideramos fundamental contar cunha ferramenta de traballo que sinala cara ás ocupacións que presentan mellor situación relativa nos 53 mercados de traballo locais.

¹ Apartado incluído dentro da aplicación web “Indicadores do mercado laboral”.

² Véxase o apartado de Metodoloxía.

Coa publicación deste traballo, o Instituto Galego das Cualificacións persegue acadar un dos seus obxectivos prioritarios: coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais, co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas, e proporcionarlles a dita información aos profesionais do emprego, formación e orientación laboral.

METODOLOXÍA

Antecedentes metodolóxicos

A aplicación web “Datos sobre ocupacións” fai referencia aos grupos ocupacionais máis contratados en distintos ámbitos territoriais galegos, incluíndose unha pequena análise descritiva da súa situación no mercado laboral. Así mesmo, presenta unha serie de indicadores elaborados no Instituto Galego das Cualificacións que serven non só para describir, senón tamén para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e a temporalidade que presentan esas ocupacións.

Para a realización da publicación *Saídas profesionais comarcais*, partiamos do ámbito territorial da comarca e da última serie quinquenal incorporada na mencionada aplicación.

Na actualidade, a información de “Datos sobre ocupacións” non está operativa (aparece cos últimos datos da serie 2006-2010), xa que o cambio na Clasificación Nacional de Ocupacións a catro díxitos experimentou modificacións substanciais que non permiten realizar as evolucións temporais dos distintos grupos primarios.

No momento de trazar este traballo, baseámonos na Clasificación Nacional de Ocupacións publicada en 1994 (CNO-94). Non obstante, na actualidade aprobouse unha nova Clasificación Nacional de Ocupacións no ano 2011 (CNO-11). A publicación desta nova clasificación no Real decreto 1591/2010, do 26 de novembro, supón un corte na serie de datos de contratos, polo que se reinician as series desde xaneiro de 2011.

Estes cambios nos grupos ocupacionais non permiten correlacionalos; de feito, nun estudo interno realizado no Instituto Galego das Cualificacións, atopamos que un **70% dos grupos primarios** que se utilizarían no estudo non atopaban correspondencia coa CNO anterior, o que non permite realizar unha evolución nin series deles, circunstancia indispensable para poder calcular os indicadores que se desenvolven no traballo: indicador de tendencia, de ocupabilidade e de estabilidade.

A casuística resulta moi variada, e podemos atopar grupos primarios antes inexistentes; antigos grupos que se desdobran en dous; grupos en que, aínda chamándose de modo similar, non coincide o seu contido ao conteren grupos de ocupacións (ocupacións a oito díxitos) distintos, e demais situacións concretas que, en calquera caso, imposibilitan a correlación entre grupos primarios da CNO-94 coa CNO-11.

A situación, pois, non permite, polo de agora, seguir realizando a metodoloxía empregada nas anteriores publicacións de *Saídas profesionais comarcais*. Habería que agardar un tempo para poder realizar as series e cálculos cun mínimo de rigor estatístico. Poderíamos pensar en esperar, polo menos, tres anos para contar cunha primeira serie de 2011-2013, e ir incorporando anos ata acadar un período quinquenal que constituiría un período de tempo axeitado para retomar a metodoloxía proposta.

Metodoloxía transitoria

Partimos dos grupos primarios (catro díxitos) da Clasificación Nacional de Ocupación de 2011 (CNO-11). Estas agregacións representan conxuntos de ocupacións afíns situados a un mesmo nivel profesional.

O período temporal de estudo límitase ao **ano 2011**, xa que é o único ano completo para o que temos información estatística agregada aos grupos a catro díxitos.

O ámbito territorial son as 53 comarcas galegas.

As variables e os indicadores manexados son os que seguen:

- **CONTRATADOS:** Partimos do dato de persoas contratadas, independentemente do número de contratos que poidan ter. Esta variable manéxase co fin de evitar a temporalidade e a distorsión do dato real de creación do emprego.
- **DEMANDAS MEDIAS:** Cada demanda de emprego solicitada por un traballador pode recoller ata un máximo de seis ocupacións nas que quere traballar. Iremos utilizar todas as demandas recollidas, o que nos permite ser máis exixentes á hora de aplicar o indicador do saldo neto. Por outra banda, utilizamos as demandas medias recollidas ao longo do ano

(total de demandas grupo ocupacional/12) para, deste xeito, evitar posibles estacionalidades en meses puntuais³.

- **INDICADOR DO SALDO NETO:** Este indicador elabórase dividindo o número de contratados en cada grupo ocupacional polo número de demandas medias recollidas para traballar nese grupo. Cando este indicador presenta un resultado **igual ou superior ao 150%**⁴, consideramos que o movemento no mercado de traballo local é o suficientemente importante como para absorber todas as demandas de emprego existentes. A porcentaxe resultante indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes nese grupo ocupacional. *Por exemplo, se temos un total de 100 demandas medias nunha comarca para traballar de camareiros asalariados, terá que haber, polo menos, un total de 150 persoas contratadas ao ano para recomendar ese grupo ocupacional. En caso contrario, entendemos que xa hai suficientes peticións de emprego como para sinalar esa ocupación como unha posible saída comarcal.*

³ A diferenza da base de datos de contratos, que é unha base de datos acumulativa, a de demandas o que nos presenta é unha foto fixa da situación que se recolle nestas a finais de cada mes, motivo polo que consideramos oportuno calcular medias para diluír estacionalidades en meses concretos.

⁴ Con que a porcentaxe sexa superior ao 100%, xa indicaría que o número de contratados anuais supera o número de demandas medias recollidas; non obstante, seleccionamos un indicador superior para elixir só grupos ocupacionais cun superávit o suficientemente positivo como para indicar unha boa perspectiva de emprego.

Elaboración das táboas por comarca

A táboa consta de dúas partes:

1) Os dez grupos ocupacionais máis contratados

Relacionamos os dez grupos ocupacionais que contan con máis contratados ao longo do ano 2011 en cada unha das comarcas. Este dato está á marxe da metodoloxía desenvolta, e vén dar unha información xeral da contratación.

2) Os dez grupos ocupacionais con mellores perspectivas

Ordenamos os grupos ocupacionais de máis a menos contratados e imos seleccionando só aqueles que cumpren co requisito do **indicador do saldo neto** ata completar a listaxe de dez. Cómpre salientar tamén que só entran na análise os grupos que contan con, polo menos, dez contratados anuais. Esta cifra fai que nalgunhas comarcas con pouco volume contractual non poidamos presentar a listaxe completa, circunstancia que aparece indicada en cada caso.

Algúns dos grupos ocupacionais con mellores perspectivas coinciden cos que aparecen dentro dos dez máis contratados, circunstancia que resulta idónea, xa que se darían os dous requisitos. A gran maioría non coincide, o que nos permite incidir noutras ocupacións que, malia non representaren un volume contractual tan significativo, cumpren coas condicións precisas para seren consideradas ocupacións relevantes nesa área territorial.

Esta análise non resulta concluínte, como toda análise meramente cuantitativa, aínda que si pode ser útil ao dar unha visión máis sintética do mercado de traballo, podendo servir como base para emprender outros estudos máis cualitativos que determinen o grao de significación real destas nas distintas comarcas galegas.

Outras consideracións metodolóxicas

Os grupos de ocupacións con compoñente artística (valla como exemplo o grupo de compositores, músicos e instrumentistas) non son considerados neste traballo, xa que a súa propia connotación específica non os converte en saídas profesionais tradicionais. O resto dos grupos, sen excepción, entran na consideración analítica, aínda que algúns referidos a sectores como educación fagan referencia expresa ao emprego público e non tanto á creación de emprego local.

ANÁLISE DE RESULTADOS

O cambio da Clasificación Nacional de Ocupacións fai que aparezan por primeira vez grupos ocupacionais que non tiñan presenza en anteriores análises. Valla como exemplo o grupo ocupacional de “outro persoal de limpeza”, que fai referencia expresa aos limpadores de piscina, mentres que na CNO-94 esta ocupación aparecía diluída dentro dun grupo ocupacional moi amplo denominado “persoal de limpeza de oficinas, hotéis (camareiras de piso) e outros establecementos similares”.

Así mesmo, grupos ocupacionais antes integrados aparecen agora desagregados. Por exemplo, o de peóns agrarios divídese agora en dous grupos: “peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)” e “peóns agrícolas en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns”.

Á marxe dos cambios metodolóxicos e de agregación e/ou desagregación de grupos ocupacionais, seguimos atopando diverxencias nos mercados de traballo local. Non obstante, estas diverxencias mantéñense en aspectos moi concretos xunto con outras situacións que se repiten dun xeito xeral, tanto nas ocupacións máis contratadas como naqueles grupos ocupacionais que presentan mellores perspectivas segundo a metodoloxía manexada.

Imos trazar a análise comarcal para cada provincia para tratar de homoxeneizar os resultados e obter conclusións máis xerais.

PROVINCIA DA CORUÑA

Esta provincia aparece integrada por 18 comarcas: *A Barcala, A Coruña, Arzúa, Barbanza, Bergantiños, Betanzos, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, O Sar, Ordes, Ortegal, Santiago, Terra de Melide, Terra de Soneira e Xallas.*


O volume de contratados aparece claramente marcado pola importante presenza das comarcas que integran as tres cidades: A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, que acadan un 72% do total dos contratados na provincia da Coruña no ano 2011.

Pola contra, hai outras comarcas que presentan, como moito, ao redor de 1.500 contratados anuais, polo que o seu movemento contractual resulta pouco significativo e non permite, metodoloxicamente, chegar a recomendar dez grupos ocupacionais con boas perspectivas. As comarcas con menor peso contractual son: A Barcala (738 contratados), Terra de Melide (1.104 contratados), Ortegal (1.205 contratados), Muros (1.240 contratados), Xallas (1.391 contratados) e Arzúa (1.501).

Próximas en porcentaxe están as comarcas de Terra de Soneira e O Sar, que superan ambas as dúas os 2.000 contratados.

Graficamente, a situación queda reflectida no seguinte gráfico de sectores, onde se evidencia o peso das comarcas máis metropolitanas, especialmente a da Coruña, cun 43% da contratación:

Nº DE CONTRATADOS COMARCAS DA CORUÑA



Independentemente do maior ou menor peso contractual, o que si atopamos é que dentro das ocupacións máis contratadas aparecen unha serie de grupos ocupacionais cunha presenza reiterada ao longo das 18 comarcas.

En todas elas, e sen excepción, aparecen dentro dos máis contratados os grupos ocupacionais de **camareiros asalariados** e **vendedores en tendas e almacéns**. En segundo termo, na maior parte delas están os albaneis, os peóns de industrias manufactureiras e o persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares.

Porén, se contraponemos estes resultados cos obtidos ao aplicar a metodoloxía e determinar os grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego, só hai unha coincidencia clara, que é a de **camareiros asalariados**; os outros catro grupos non aparecen en ningunha das comarcas con resultado positivo, debido á existencia dun número moi elevado de persoas que demandan traballar nesas ocupacións, apuntando cara a unha *sobresaturación do mercado de traballo*⁵.

As ocupacións que, pola contra, presentan unha menor saturación no mercado de traballo e mostran as mellores perspectivas a nivel xeral son os **empregados administrativos con atención ao público**, os **camareiros** e os **monitores de actividades recreativas**; en menor medida, poderíamos salientar os enfermeiros, os pescadores de altura e os pescadores de augas costeiras e auga doce.

En calquera caso, cada comarca presenta unhas certas peculiaridades que conforman as súas características

⁵ Debemos sinalar que na comarca de Barbanza si aparece con boas perspectivas o grupo ocupacional de peóns das industrias manufactureiras. Ao ser unha referencia puntual, non a temos en conta na análise xeral, aínda que queremos deixar patente esa circunstancia.

socioeconómicas e a configuran, en maior ou menor medida, con respecto aos outros mercados de traballo locais.

Se atendemos a cada caso individual, atopamos unha serie de grupos ocupacionais que presentan os resultados máis axeitados, ao sinalar grupos que se atopan dentro dos *10 máis contratados e ademais non presentan unha sobreesaturación do mercado de traballo*.

Neste punto da análise é cando se aprecian en maior medida os diferentes resultados acadados nas 18 comarcas coruñesas, ao salientar en cada caso uns grupos ocupacionais moi dispares. Cómpre destacar novamente o bo resultado xeneralizado dos **camareiros asalariados, seguido dos monitores de actividades recreativas** e, en menor medida, os empregados administrativos con tarefas de atención ao público e os pescadores de altura. No entanto, debemos incidir no feito de que cada comarca ofrece resultados moi específicos que configuran as perspectivas de emprego de cada mercado de traballo local.

Imos tratar de conxugar estes dous elementos:

- Grupos ocupacionais máis contratados na comarca
- Grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego

para seleccionar todos os grupos ocupacionais que cumpran con ambos os dous criterios. Deste xeito, elaboramos uns cadros-resumo por grandes sectores económicos que nos serven para ofrecer uns resultados conclusivos da situación particular descrita para cada comarca e perfilar así as perspectivas de emprego nesta provincia.

Táboa-resumo sector primario

SECTOR PRIMARIO	COMARCAS
Agrogandeiro	Muros, Xallas
Actividades forestais	Ortegal
Pesca	Bergantiños, Muros, Noia, Ortegal e Terra de Soneira

O subsector primario que destaca nun maior número de comarcas, tanto polo volume de contratados como por unha baixa saturación do mercado de traballo, é a pesca. Certo é que para avaliar unha posible sobreesaturación do mercado de traballo analizamos unicamente os demandantes de emprego recollidos nas oficinas de emprego de Galicia, polo que todas as persoas que demandan estas ocupacións e non estean anotadas nas anteditas oficinas non constarían para efectos deste cálculo.

No que respecta ás actividades agropecuarias, destacamos a comarca de Muros, aínda que hai máis comarcas que presentan boas perspectivas de emprego, pero cun volume contractual relativo

menos relevante para o conxunto da comarca. Nesta circunstancia destaca especialmente a comarca de Xallas.

Táboa-resumo sector secundario

INDUSTRIA	COMARCAS
Industrias téxtiles	A Barcala, Bergantiños
Industria alimentaria	Barbanza, Terra de Soneira
Industrias gráficas	Eume
Fabricación mecánica	O Sar

A fabricación mecánica aparece salientada noutras comarcas como A Coruña, Fisterra, Ordes e Santiago, aínda que nestes casos non se corresponde cos dez grupos ocupacionais máis contratados.

Outras industrias que aparecen de xeito máis residual son as industrias da madeira en Noia, O Sar e Terra de Soneira, e as extractivas en Noia.

O sector servizos aparece especialmente salientado na área de restauración, concretamente nos camareiros asalariados, e tamén os animadores turísticos e monitores socioculturais.

Táboa-resumo sector servizos

SERVIZOS	COMARCAS
Restauración	Arzúa, Barbanza, Bergantiños, Eume, Muros, Noia, O Sar, Santiago, Terra de Melide, Terra de Soneira e Xallas
Animadores turísticos e socioculturais	A Barcala, A Coruña, Betanzos, Noia e Terra de Melide
Administración e xestión	A Coruña, Noia e Santiago
Comercio	A Coruña
Loxística de transportes	Barbanza

O subsector da seguridade presenta certa relevancia na comarca da Coruña, aínda que non está dentro dos dez grupos ocupacionais máis contratados. O medio ambiente está reflectido nos clasificadores de escouras, operarios de punto limpo e recolledores de ferralla, con presenza nas comarcas de Barbanza, Ferrol, O Sar e Ordes.

PROVINCIA DE LUGO


Esta provincia aparece integrada por 13 comarcas: *A Fonsagrada, A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, A Ulloa, Chantada, Lugo, Meira, Os Ancares, Quiroga, Sarria, Terra Chá e Terra de Lemos.*

O volume de contratados aparece claramente marcado pola importante presenza da comarca de Lugo, que acada un 41% do total na provincia de Lugo no ano 2011. As tres comarcas marinenses logran un total dun 26% dos contratados.

Pola contra, hai outras comarcas que non acadan os 1.200 contratados anuais, polo que o movemento contractual destas resulta pouco significativo e non permite, metodoloxicamente, chegar a recomendar dez grupos ocupacionais con boas perspectivas. As comarcas con menor peso contractual son A Fonsagrada (361

contratados), Meira (509 contratados), Quiroga (698 contratados), A Ulloa (965 contratados), Os Ancares (1.014 contratados) e Chantada (1.157 contratados).

Graficamente, a situación queda reflectida no seguinte gráfico de sectores, onde se evidencia o peso da comarca de Lugo:



Independentemente do maior ou menor peso contractual, o que si observamos é que dentro das ocupacións máis contratadas existen unha serie de grupos ocupacionais cunha presenza reiterada ao longo das 13 comarcas.

En todas elas, e sen excepción, aparece dentro das máis contratadas o grupo ocupacional de **camareiros asalariados**, seguidos dos vendedores en tendas e almacéns, peóns das industrias manufactureiras, albaneis, condutores asalariados de camións e persoal de limpeza de oficinas, hotéis e outros establecementos similares. En segundo termo, destacan tamén en gran medida os traballadores de coidados persoais a domicilio e os cociñeiros asalariados.

Non obstante, se contrapoñemos estes resultados cos obtidos ao aplicar a metodoloxía e determinar os grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego, só habería certa coincidencia nas ocupacións referidas á área de restauración: camareiros asalariados. O resto das ocupacións máis contratadas, salvo excepcións puntuais⁶ non aparecen dentro das máis recomendables debido á existencia dun número moi elevado de persoas que demandan traballar nesas ocupacións, o que indica unha *sobresaturación do mercado de traballo*.

As ocupacións que, pola contra, rexistran unha menor saturación no mercado de traballo e presentan as mellores perspectivas a nivel xeral son os citados **camareiros** (moi por riba do resto das

ocupacións), seguidos dos empregados administrativos con atención ao público, os monitores de actividades recreativas e os enfermeiros. En menor medida, podemos citar tamén os bañistas-socorristas, os bombeiros, os peóns gandeiros, e os peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns).

En calquera caso, cada comarca ten unhas certas peculiaridades que conforman as súas características socioeconómicas e a configuran, en maior ou menor medida, con respecto aos outros mercados de traballo locais.

Se atendemos a cada caso individual, atopamos unha serie de grupos ocupacionais que presentan os resultados máis axeitados, ao sinalar grupos que se atopan dentro dos *10 máis contratados e ademais non presentan unha sobresaturación do mercado de traballo*.

Neste punto da análise é cando se aprecian en maior medida os diferentes resultados acadados nas 13 comarcas luguesas, ao salientar en cada caso uns grupos ocupacionais moi dispares. Cómpre destacar novamente o bo resultado xeneralizado dos **camareiros asalariados**, seguidos moi de lonxe polos cociñeiros e os peóns gandeiros. Emporiso, debemos incidir no feito de que cada comarca presenta resultados moi específicos que configuran as perspectivas de traballo de cada mercado de traballo local.

Imos tratar de conxugar estes dous elementos:

- Grupos ocupacionais máis contratados na comarca
- Grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego

⁶ Caso dos peóns das industrias manufactureiras na comarca de Meira.

para seleccionar todos os grupos ocupacionais que cumpran con ambos os dous criterios e elaborar uns cadros- resumo por grandes sectores económicos que nos sirvan para presentar uns resultados conclusivos da situación particular descrita para cada comarca e perfilar así as perspectivas de emprego nesta provincia.

Táboa- resumo sector primario

SECTOR PRIMARIO	COMARCAS
Agricultura	Chantada, Quiroga
Gandaría	Chantada, Meira e Terra Chá
Actividades forestais	A Mariña Oriental e Lugo
Pesca	A Mariña Central, A Mariña Occidental

O subsector primario que destaca nun maior número de comarcas, tanto polo volume de contratados como por unha baixa saturación do mercado de traballo, é o sector gandeiro. Cómpre salientar tamén o importante peso da pesca nas comarcas costeiras de Lugo.

A acuicultura presenta boas perspectivas na comarca da Mariña Occidental, aínda que o volume contractual nestas ocupacións non as sitúa dentro dos dez grupos ocupacionais máis contratados.

A comarca de Chantada aparece salientada no sector agropecuario, do mesmo xeito que a Ulloa, aínda que nesta última o volume contractual é menos relevante dentro da contratación xeral da comarca.

Táboa- resumo sector secundario

INDUSTRIA	COMARCAS
Industria alimentaria	A Ulloa
Industrias extractivas	A Fonsagrada
Fabricación mecánica	Quiroga

A industria non presenta gran relevancia nos resultados desta provincia. A fabricación mecánica si que destaca noutras comarcas como A Mariña Occidental, Chantada e Terra Chá, aínda que nestes

casos non se corresponde cos dez grupos ocupacionais máis contratados.

O sector servizos aparece especialmente salientado na área de restauración, concretamente nos camareiros asalariados.

Táboa-resumo sector servizos

SERVIZOS	COMARCAS
Restauración	A Fonsagrada, A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, A Ulloa, Lugo, Meira, Sarria e Terra Chá
Transportes urbanos	Os Ancares
Actividades físicas e deportivas	A Mariña Oriental
Comercio	A Mariña Occidental, Lugo
Sanidade	Os Ancares, Terra de Lemos

Loxística de transportes	A Mariña Occidental
Servizos de dependencia	Os Ancares


O sector de actividades físicas e deportivas aparece con boas perspectivas nas comarcas da Mariña Central, Chantada, Sarria e Terra de Lemos, aínda que as ocupacións de bañista-socorrista e instrutores de actividades deportivas non aparecen dentro das dez máis contratadas. Os animadores turísticos e socioculturais, tan destacados na provincia da Coruña, tamén aparecen con boas perspectivas en comarcas luguesas, pero cun volume contractual menos relevante no conxunto da área territorial. Neste senso, habería que sinalar as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental, A Ulloa, Lugo e Sarria.

PROVINCIA DE OURENSE

Esta provincia aparece integrada por 12 comarcas: *A Limia, Allariz-Maceda, Baixa Limia, O Carballiño, O Ribeiro, Ourense, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Terra de Trives, Valdeorras, Verín e Viana.*

O volume de contratados aparece claramente marcado pola importante presenza da comarca de Ourense, que acada un 58% do total na provincia no ano 2011, seguida a moita distancia pola comarca de Valdeorras, cun 10% dos contratados ourensáns.

Graficamente, a situación queda reflectida no seguinte gráfico de sectores, onde se evidencia o peso da comarca de Ourense:



As comarcas con menos movemento contractual non permiten, metodoloxicamente, chegar a recomendar dez grupos ocupacionais con boas perspectivas. As comarcas con menor peso contractual son: Terra de Caldelas (254 contratados), Terra de Trives (432 contratados), Baixa Limia (508 contratados), Viana (581 contratados), Allariz-Maceda (1.174 contratados), Terra de Celanova (1.316 contratados), A Limia (1.629 contratados) e O Ribeiro (1.853 contratados).

O certo é que tan só as comarcas de Ourense, Valdeorras e Verín permiten desenvolver a metodoloxía e presentar dez grupos con boas perspectivas. O Carballiño con 2.404 contratados tampouco o consegue e presenta seis recomendacións.

Independentemente do maior ou menor peso contractual das comarcas, o que si atopamos é que dentro das ocupacións máis contratadas aparecen unha serie de grupos ocupacionais cunha presenza reiterada ao longo das 12 comarcas.

En todas elas, e sen excepción, aparecen dentro das máis contratadas os grupos ocupacionais de *camareiros asalariados* e o de *persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares*, seguidos dos vendedores en tendas e almacéns, albaneis, traballadores dos cuidados persoais a domicilio, condutores asalariados de camións e os cociñeiros asalariados. En segundo termo, destacan tamén en gran medida os peóns das industrias manufactureiras e os peóns forestais e da caza.

Non obstante, se contraponemos estes resultados cos obtidos ao aplicar a metodoloxía e determinar os grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego, só habería certa coincidencia na ocupación referida de camareiros asalariados, como vén sendo habitual tamén nas outras provincias. O resto das ocupacións máis contratadas, salvo excepcións puntuais⁷, non aparecen dentro das máis recomendables debido á existencia dun número moi elevado de persoas que demandan traballar nesas ocupacións, o que indicaría unha *sobresaturación do mercado de traballo*.

As ocupacións que, pola contra, presentan unha menor saturación no mercado de traballo e presentan as mellores perspectivas a nivel xeral son os **empregados administrativos con tarefas de atención ao público**, seguidos dos peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns) e os citados camareiros. En menor medida, podemos citar tamén os técnicos de educación infantil e os enfermeiros especializados (agás matronos).

En calquera caso, cada comarca presenta unhas certas peculiaridades que conforman as súas características socioeconómicas e a configuran, en maior ou menor medida, con respecto aos outros mercados de traballo locais.

Se atendemos a cada caso individual, atopamos unha serie de grupos ocupacionais que presentan os resultados máis axeitados, ao sinalar grupos que se atopan dentro dos *10 máis contratados e ademais non presentan unha sobresaturación do mercado de traballo*.

⁷ Os peóns forestais e da caza, na comarca de Ourense.

Neste punto da análise é cando se aprecian en maior medida os diferentes resultados acadados nas 12 comarcas ourensás, ao salientar en cada caso uns grupos ocupacionais moi dispares. Hai que destacar novamente o bo resultado dos **camareiros asalariados e dos peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)**. No entanto, debemos incidir no feito de que cada comarca presenta resultados moi específicos que configuran as perspectivas de traballo de cada mercado de traballo local.

Imos tratar de conxugar estes dous elementos:

- Grupos ocupacionais máis contratados na comarca
- Grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego

para seleccionar todos os grupos ocupacionais que cumpran con ambos os dous criterios e elaborar uns cadros-resumo por grandes sectores económicos que nos sirvan para presentar uns resultados conclusivos da situación particular descrita para cada comarca e perfilar así as perspectivas de emprego nesta provincia.

Táboa-resumo sector primario

SECTOR PRIMARIO	COMARCAS
Agricultura	O Ribeiro, Terra de Caldelas, Valdeorras e Verín

Actividades forestais

Ourense

O subsector primario que destaca nun maior número de comarcas, tanto polo volume de contratados como por unha baixa saturación do mercado de traballo, é o sector agrario. A actividade gandeira sobresaie en Allariz-Maceda, aínda que non aparece dentro dos dez grupos ocupacionais máis contratados.

Táboa-resumo sector secundario

INDUSTRIA	COMARCAS
Fabricación mecánica	Terra de Trives e Valdeorras

Os bos resultados do sector secundario concréntanse nas comarcas de Terra de Trives e Valdeorras no que respecta á fabricación mecánica.

Outras comarcas presentan boas perspectivas na industria, pero en grupos ocupacionais que non aparecen dentro dos dez máis contratados. Habería que citar as industrias alimentarias no Ribeiro; a industria téxtil en Verín; a fabricación de plástico en Ourense; a

madeira no Carballiño; a industria extractiva en Valdeorras, e a citada fabricación mecánica no Carballiño.

Táboa-resumo sector servizos

SERVIZOS	COMARCAS
Restauración	Allariz-Maceda, O Ribeiro, Ourense, Terra de Caldelas
Animadores turísticos e socioculturais	Baixa Limia, Terra de Trives
Servizos de dependencia	Allariz-Maceda

O sector servizos aparece especialmente destacado na área de restauración, concretamente nos camareiros asalariados, seguido da animación comunitaria.

Hai outras comarcas con bos resultados nos sectores anteriores, aínda que o seu volume contractual non sitúa as ocupacións dentro das dez máis contratadas.

Esta mesma circunstancia repítese en actividades como a atención á infancia nas comarcas da Limia, Allariz-Maceda e O Ribeiro; a sanidade na Limia, Baixa Limia, Ourense e Valdeorras; ou en administración e xestión, en Ourense, Valdeorras, Verín, O Ribeiro, A Limia e O Carballiño, por citar algunhas das máis repetidas.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA


Esta provincia aparece integrada por dez comarcas: A Paradanta, Caldas, O Baixo Miño, O Condado, Deza, O Morrazo, O Salnés, Pontevedra, Tabeirós-Terra de Montes e Vigo.

A comarca de Vigo acada algo máis da metade dos contratados da provincia.

Cómpre salientar tamén que O Salnés se sitúa un punto por enriba da comarca de Pontevedra.

Só hai dúas comarcas cun movemento contractual que non permite, metodoloxicamente, chegar a recomendar dez grupos ocupacionais con boas perspectivas, como si ocorre nas outras oito. Estas comarcas son: A Paradanta (1.206 contratados) e Tabeirós-Terra de Montes (2.022).

Graficamente, a situación queda reflectida no seguinte gráfico de sectores:



Independentemente do maior ou menor peso contractual, o que si observamos é que dentro das ocupacións máis contratadas aparecen unha serie de grupos ocupacionais cunha presenza reiterada ao longo das dez comarcas.

En todas elas, e sen excepción, aparecen dentro dos máis contratados os grupos ocupacionais de **camareiros asalariados, albaneis, vendedores en tendas e almacéns e persoal de limpeza de oficinas, hotéis e outros establecementos similares**. En segundo termo, destacan tamén os peóns de industrias manufactureiras, os cociñeiros asalariados e os condutores asalariados de camións.

Porén, se contraponemos estes resultados cos obtidos ao aplicar a metodoloxía e determinar os grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego, non atopamos coincidencias (agás no caso dos camareiros asalariados nas comarcas do Salnés e Pontevedra). As ocupacións máis contratadas, salvo excepcións puntuais, non aparecen dentro das máis recomendables debido á existencia dun número moi elevado de persoas que demandan traballar nesas ocupacións, o que indicaría unha *sobresaturación do mercado de traballo*.

As ocupacións que, pola contra, presentan unha menor saturación no mercado de traballo e presentan as mellores perspectivas a nivel xeral son os **empregados administrativos con atención ao público** (moi por riba do resto das ocupacións), seguidos dos peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns), limpadores de piscinas, os monitores de actividades recreativas e os montadores de estruturas metálicas.

En calquera caso, cada comarca presenta unhas certas peculiaridades que conforman as súas características socioeconómicas e a configuran, en maior ou menor medida, con respecto aos outros mercados de traballo locais.

Se atendemos a cada caso individual, atopamos unha serie de grupos ocupacionais que presentan os resultados máis axeitados, ao sinalar grupos que se atopan dentro dos *10 máis contratados e ademais non presentan unha sobresaturación do mercado de traballo*.

Neste punto da análise é cando se aprecian en maior medida os diferentes resultados acadados nas dez comarcas pontevedresas, ao salientar en cada caso uns grupos ocupacionais moi dispares. De feito, os únicos grupos ocupacionais que se repiten lixeiramente son **os peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns) e os empregados administrativos con atención ao público**. No entanto, debemos incidir no feito de que cada comarca presenta resultados moi específicos que configuran as perspectivas de traballo de cada mercado de traballo local.

Imos tratar de conxugar estes dous elementos:

- Grupos ocupacionais máis contratados na comarca
- Grupos ocupacionais con mellores perspectivas de emprego

para seleccionar todos os grupos ocupacionais que cumpran con ambos os dous criterios e elaborar uns cadros-resumo por grandes sectores económicos que nos sirvan para presentar uns resultados conclusivos da situación particular descrita para cada comarca e perfilar así as perspectivas de emprego nesta provincia.

Táboa-resumo sector primario

SECTOR PRIMARIO	COMARCAS
Agricultura	A Paradanta, O Baixo Miño, O Condado, O Salnés
Pesca	O Baixo Miño, O Morrazo

O subsector primario que destaca nun maior número de comarcas, tanto polo volume de contratados como por unha baixa saturación do mercado de traballo, é a agricultura.

As comarcas de Deza e Caldas tamén presenta ocupacións agrarias e gandeiras con boas perspectivas de emprego, pero non aparecen dentro dos dez grupos ocupacionais máis contratados.

Táboa-resumo sector secundario

INDUSTRIA	COMARCAS
Industria alimentaria	O Condado

Fabricación mecánica	A Paradanta
Construción	O Baixo Miño

A industria aparece claramente inclinada cara á industria alimentaria e a fabricación mecánica; de feito, hai un bo número de comarcas onde tamén presentan boas perspectivas de emprego, aínda que o volume contractual destas ocupacións non as sitúa entre as dez máis contratadas. Así pois, as industrias alimentarias destacan tamén en Caldas, O Baixo Miño, O Condado, Deza e O Salnés, mentres que a fabricación mecánica o fai nas comarcas da Paradanta, O Baixo Miño, O Salnés, Tabeirós-Terra de Montes e Vigo.

Cómpre salientar os resultados positivos da construción no Baixo Miño, sector que na actualidade non está ofrecendo boas perspectivas de emprego en Galicia.

Táboa-resumo sector servizos

SERVIZOS	COMARCAS
Restauración	O Salnés, Pontevedra

Animadores turísticos e socioculturais	Deza, Tabeirós-Terra de Montes
Administración e xestión	Caldas, Pontevedra, Vigo
Loxística de transportes	O Morrazo

Nas outras tres provincias galegas aparece moi salientada a restauración, tanto polo seu volume contractual como polas perspectivas de emprego que presenta; no entanto, neste caso só aparece claramente asociada ás dúas comarcas descritas: O Salnés e Pontevedra.

Os animadores turísticos e socioculturais tamén aparecen relacionados con boas perspectivas nas comarcas do Salnés, Pontevedra e Vigo, aínda que non aparecen dentro dos dez grupos ocupacionais máis contratados. O mesmo sucede coa atención á infancia no Morrazo e Pontevedra, ou a sanidade en Deza.

Algunhas ocupacións do sector de comercio aparecen con boas perspectivas en distintas comarcas, como A Paradanta, Caldas, O Baixo Miño, O Morrazo, Pontevedra e Vigo, aínda que non están dentro das máis contratadas (a que si aparece é a de vendedores

en tendas e almacéns, pero este grupo ocupacional está sobreesaturado no mercado de traballo). Habería que destacar os promotores de venda, operadores de telemercadotecnia, vendedores a domicilio e teleoperadores.

É preciso destacar que tanto os promotores de venda como os teleoperadores son ocupacións con boas perspectivas nas áreas metropolitanas, xunto cos limpadores de piscinas, ocupación que resulta tamén novidosa grazas á nova desagregación da CNO-2011.

RESULTADOS POR COMARCAS

Podemos concluir que as ocupacións máis contratadas nunha comarca non teñen por que coincidir coas ocupacións que ofrecen mellores perspectivas para atopar un traballo, xa que, malia ser certo que o volume contractual se dirixe cara a esas actividades económicas, o mercado de traballo pódese atopar sobreesaturado ao se teren rexistradas moitas demandas de emprego.



A situación idónea preséntase cando equilibramos ambos os aspectos e aparecen grupos ocupacionais dentro dos máis contratados e

ademais o mercado de traballo non está sobreesaturado, circunstancia que se repite fundamentalmente no caso dos camareiros asalariados, aparecendo como as ocupacións que mostran, en xeral, un mellor posicionamento nos mercados de traballo locais.

Aínda que non hai que eludir a realidade contractual, á hora de tratar de inserir e/ou reinserir os demandantes de emprego, é interesante apuntar cara a outras ocupacións que poden indicar novas saídas profesionais e reorientar os itinerarios profesionais ás persoas que están a buscar traballo. De feito, no sector do comercio aparecen os teleoperadores ou promotores de venda en detrimento dos habituais vendedores en tendas e almacéns. Os albaneis seguen estando dentro dos máis contratados. Non obstante, e de xeito puntual, aparecen os montadores de placas solares ou os instaladores de illamentos térmicos con mellores perspectivas de emprego.

En cada comarca resáltanse noutra cor os grupos máis contratados que, ademais, cumpren cos requisitos metodolóxicos descritos e cumpren co requisito de amosaren boas perspectivas de emprego.

As comarcas aparecen ordenadas por provincias e, dentro destas, por orde alfabética.

Como quedou explicado na introdución, atopamos comarcas con baixo movemento contractual que non permiten desenvolver a metodoloxía na súa totalidade e presentar dez grupos ocupacionais con boas perspectivas.

COMARCA DA BARCALA (A Baña e Negreira)

GRUPOS OCUPACIONAIS MÁIS CONTRATADOS	GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Albaneis ▪ Vendedores en tendas e almacéns ▪ Operadores de máquinas de coser e bordar ▪ Monitores de actividades recreativas e de entretemento ▪ Camareiros asalariados ▪ Cortadores de tecidos, coiro, pel e outros materiais ▪ Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares ▪ Coidadores de nenos en gardarías e centros educativos ▪ Peóns de obras públicas ▪ Condutores de autobuses e tranvías 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Monitores de actividades recreativas e de entretemento ▪ Cortadores de tecidos, coiro, pel e outros materiais ▪ Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes <p data-bbox="1205 794 2114 1136"> <i>(*) Esta comarca non recolle dez grupos ocupacionais dentro dos grupos con mellores perspectivas, xa que os grupos que cumpren cos requisitos metodolóxicos deben contar, polo menos, cun mínimo de dez contratados anuais. Na Barcala non atopamos grupos que cumpran este requisito agás os tres reflectidos.</i> </p>

COMARCA DA CORUÑA (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada)

GRUPOS OCUPACIONAIS MÁIS CONTRATADOS	GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS
